

PACO NÓVOA,

FILLO PREDILECTO DE MACEDA

Santiago Prol

1.- Sr. Alcalde de Maceda, Paco, autoridades, veciños, amigos..., boas tardes. A Terra de Maceda posúe un singular magnetismo que dimana do Val do Medo dende a xeira primixenia: do Medrollo, das nosas mámoas, dos asentamentos castrexos e da Vía Novoa, a calzada romana que xunguía Braga con Astorga e que pasaba polo corazón deste territorio. Tamén dos seus igrexarios, da nosa Torre medieval, dos Montes do Rodicio e da lendaria Serra de San Mamede. Este templo, que os veciños coñecemos como Eirexa de San Pedro ou Eirexa da Torre, mandouno construír un Nóvoa, o XVIIIº señor de Maceda, a comezos do século XVI. Ese fidalgo descansa eiquí, nun fermoso sartego con estatua xacente, xunto coa súa dona Xoana Díaz de Cadórniga.

Artellamos boa parte deste encomio entre Estambul e Ankara hai agora unhas semanas. Catro horas por unha formidábel autoestrada turca, fixéronnos pensar en Maceda e en Paco Nóvoa. Viaxar, malia a campaña intencionada dos que non nos entenden, fai que nos reafirmemos con máis teimosía no noso.

2.- A primeira conversa longa que tivemos os dous, foi cando presentamos o ensaio *João da Nova, un mariño galego ao servizo da Coroa de Portugal* (2002), na Deputación Provincial de Ourense. Foi por mediación do, daquela, alcalde do noso concello, Manuel Rodríguez Carballo. A segunda vez foi –a tres bandas e durante máis de tres horas- con Bieito Seara, no edificio principal do Grupo Academia Postal, no número 3 da Rúa Reza en Ourense, por mor da biografía do telegrafista, poeta e galeguista Xosé Lois Parente. Agora ben, o tema central foi o presente e o futuro de Maceda, unha teima que nos ten obsesionados aos tres, xa que logo, os tres exercemos de macedáns a tempo completo.

Maceda é o noso Macondo particular. Un universo no que pode entrar todo. Un espazo -até se queremos- literario, que mesmo ten sonoridade poética, dispón de variantes sobre a orixe do topónimo, está construído á beira dun río, amosa un terreo dócil, limita cun eterno mato vexetal e unha inmensa serra. Mesmo, se soñamos con José Arcadio Buendía, poderemos vela transformada nunha urbe atestada de paredes de cristal. Agora ben, Maceda estivo perto dos 100 anos de soidade e non queremos que sexa destruída por unha tormenta de area. O noso Melquíades, João da Nova, percorreu os sete mares e deunos ese arrecendo cosmopolita e universalista hai agora 500 anos. Afonso X o Sabio –que fixo inmersión lingüística en galego eiquí- aportounos a erudición e a poesía. Tamén o fixeron Xosé García Mosquera e Xosé Lois Parente. Benigno Álvarez apostou pola utopía dun mundo mellor, para os desposuídos en clave nosa, e pagou un prezo altísimo el e toda a súa familia. O Cardeal Quiroga Palacios aportounos a espiritualidade e o orgullo das súas orixes. Foi nomeado Fillo Predilecto de Maceda o 8 de xullo de 1949. Testemuño que recolle agora Paco Nóvoa, que mesmo conseguiu na primavera de 2008, un selo de Correos coa efixie do

seu predecesor no título honorífico. A nosa alquimia colectiva ten que transformar Maceda, no que os nosos devanceiros e nós mesmos cobizamos.

3.- Paco Nóvoa é un home feito así mesmo. Ninguén lle regalou nada. Naceu o 17 de xullo de 1944 nun contexto bélico –a II Guerra Mundial- e na posguerra española; nos durísimos “anos da fame”. Saíu do seo dunha modesta familia do lugar de Francos, moi perto da nosa vila. Chegou a onde está por méritos propios. Comezou a ganarse a vida fóra da casa na xastrería de Xosé Luís Vidal, *O Coquis*, eiquí en Maceda. Logo, e sempre a tempo parcial, como axudante de comercio en Almacéns Santos e como técnico de proxección no Cinema Gayoso os días de feira e os domingos. En Ourense, mentres estudaba, tamén traballaba na edición internacional do xornal La Región e noutra xastrería. Estudou peritaxe mercantil. Foi cara Madrid a mediados anos 60 co diñeiro que tiña aforrado, para preparar unhas oposicións de Xustiza, que aprobou sen dificultade. Renunciou a un plausíbel destino fóra, para non afastarse dos seus pais, nin da súa casa. Comezou a traballar en Correos en Ourense no 1966, como auxiliar administrativo, no departamento de Intervención de Servizos Bancarios, cun soldo de 5.000 pesetas ao mes [30 Euros]. Ingresou como funcionario de carreira, logo de aprobar as oposicións, en 1968. Seguiu formándose. En 1981 pasou ao Corpo Especial Executivo de Correos, como xefe de Habilitación e Recursos Humanos. En 1993 foi nomeado xefe provincial de Correos e Telégrafos. Denantes estivo na comisión executiva de MUFACE e presidiu a Irmandade do Pilar durante 17 anos.

4.- Paco Nóvoa conta cunha intelixencia e unha intuición que o fai excepcional. Case sempre se adiantou ao demandado,

mesmo aplicando a fórmula que tan bos resultados lle ten dado en Academia Postal: compromiso, confianza e esforzo. O paso de Paco Nóvoa pola Xefatura Provincial de Correos e Telégrafos, deixou un selo en toda a provincia de Ourense, xa que logo conseguiu edificios novos para moitos concellos, que por demografía e volume económico, non deberían ter esas infraestruturas. O edificio central de Correos en Ourense, enteiramente renovado, é un exemplo paradigmático dese selo. O edificio de Correos polivalente de Maceda –unha aposta persoal súa- tamén. Logrou, nos doce anos e medio que estivo á fronte da entidade, que Correos de Ourense fose un dos mellores a nivel de Estado, en capacidade de xestión, en captación de pasivo, na domiciliación de nóminas e na xestión de seguros. Como xefe provincial tivo 800 persoas baixo a súa responsabilidade. Procurou dignificar o traballo e as pensións do colectivo, mormente dos carteiros urbanos e rurais de toda a provincia.

5.- O Grupo Academia Postal, que agromou en Ourense en 1968, cun pequeno centro para preparar oposicións para Correos, foi medrando e acadando un prestixio que, mesmo soborda o ámbito galego. Hogano é recoñecido en todo o Estado español como referente no mundo da docencia, avalado por máis de 21.500 persoas, que hoxe traballan nas diferentes Administracións públicas. Mantén máis de 160 postos de traballo a tempo completo e outros 200 a tempo parcial. A clave do éxito estivo -e está- na diversificación dos produtos e na expansión xeográfica. Este sólido proxecto empresarial está conformado por 14 centros en Ourense, Vigo, Santiago, Pontevedra, Lugo, A Coruña, Ferrol, Porto e Valladolid. Agora, mesmo abre outro en Madrid.

Esta empresa de formación, líder indiscutíbel do seu ramo no Noso País, oferta a preparación de oposicións ao sector

público, novos ciclos formativos de FP, recuperacións dende os oito anos até a universidade, apoio, orientación, escola de negocios, formación a desempregados e a empresas, informática e novas tecnoloxías, escola de idiomas, formación a domicilio... Mesmo dispón dunha web que recibe até 18.000 visitas semanais e da bitácora “Fala en galego con Academia Postal”.

No eido editorial, a empresa dirixe Paco Nóvoa, apostou polo galego nos libros de texto de bacharelato, novos ciclos formativos, probas de acceso, novas tecnoloxías, imaxe persoal e servizos socioculturais. Tamén ensaios e outras obras singulares. Sube dos 160 títulos, o que amosa o esforzo que Paco Nóvoa está a desenvolver a prol da nosa lingua, mesmo nas áreas científicas, fasquía que hoxe pretende coutar, quen nunca debería facelo, xa que logo non se debe xogar cos signos de identidade máis nosos. En outubro de 2008, Paco Nóvoa recibiu formalmente os parabéns do Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, polo compromiso galeguizador da súa empresa, que mesmo engadía: “Sen dúbidas, o Grupo Academia Postal acaba de escribir unha páxina de ouro na historia da cultura galega”.

6.- Paco Nóvoa é un empresario con alma. A súa xenerosidade pasa por acenos altruístas no mundo do deporte: fútbol sala co que chegou á División de Honor, xadrez, rugby, voleibol feminino, atletismo con deportistas trunfando hoxe na elite a nivel de Estado. Tamén co Club Ciclista Maceda Academia Postal -abandeirado por Xulio Conde-, que tantos éxitos ten acadado nesta primeira década do século XXI.

Paco Nóvoa, en nome do Grupo Academia Postal, recibiu salientábeis distincións, polo seu labor no mundo da docencia e do deporte ao longo destes últimos anos:

- Premio Empresa Gacela, en 1999, valorando os trazos da competitividade da empresa.
- Premio Lois Peña Novo, en 2003, polo emprego e difusión da Lingua Galega no desenvolvemento da súa actividade.
- Premio Cisco Networking Academy España, en 2004, polo número de persoas formadas.
- Premio Galicia Deporte, en 2005, polo apoio manifesto ao atletismo.
- Premio da Confederación Española de Empresas de Formación [CECAP], no 2006, en recoñecemento á calidade do servizo, a imaxe da empresa, o emprego das novas tecnoloxías e a expansión empresarial.

Cando se cumprían os 40 anos do Grupo Academia Postal en 2008, Marta Nóvoa de Manuel, a filla maior de Paco e directora financeira desta empresa, declarou a un recoñecido medio escrito do Noso País, que “a forma de traballar e de vivir de meu pai e da miña nai, son modelos que nos serviron a nós para moito, xa que logo aprendes o que é o esforzo e o traballo”.

7.- A nivel social Paco Nóvoa actúa en moitas fronteas. É vicepresidente da Asociación de Antigos Alumnos da Universidade de Vigo -no Campus de Ourense-, presidente do Club Ourense Atletismo Academia Postal, vicepresidente da Federación Galega de Atletismo, presidente de ATOX, vicepresidente do Liceo de Ourense, presidente da Asociación Víadezaioito Comunicación, director das revistas *Casa Nova* e *Víanova* e presidente da Asociación de Amigos do Castelo de Maceda, Setestrela; o magno proxecto cultural que Paco está a impulsar para “facer país” dende Maceda.

Participa asiduamente en faladoiros da Cadena Ser, Radio Voz e da Cope en Ourense. Tamén na canle de televisión local Telemiño e, antano, en Auria TV. É membro colaborador das asociacións Álvaro das Casas, Couto Mixto, Lois Peña Novo, Fundación Premios da Crítica Galicia e do Foro Peinador, que lidera Xosé González Martínez cunha consigna lapidaria: “cando o empresariado fale galego, o Noso País estará salvado”. Paco Nóvoa tamén é cabaleiro da Orde do Camiño de Santiago. A súa empresa pertence ao Clúster das TIC galego e ao Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego. Outrosí -como ben di el a cotío-, en corpo e alma, ao “*Clúster de Galeguizar Galiza*”, con outros compañeiros de viaxe, moitos deles hoxe eiquí presentes, que mesmo se insiren no vieiro do gran fabulador Álvaro Cunqueiro, coa arela doutras “mil primaveras máis para a lingua galega”.

8.- Paco Nóvoa sempre estivo comprometido con Maceda. Sempre foi leal e xeneroso co concello que o viu nacer. Maceda salda hoxe unha das débedas que tiña con Paco Nóvoa. O noso abeizoamento a toda a corporación municipal e, nomeadamente, ao seu alcalde Xabier Oviedo Rodríguez, que tivo a ben levar adiante esta loábel iniciativa, aprobada por unanimidade no pleno extraordinario do 19 de agosto deste 2010. Hoxe é un día de ledicia para Paco Nóvoa e para a súa familia: a súa muller Mercedes de Manuel e os seus catro fillos, Marta, Xavier, Ruth e Xacobo. Tamén é un día de ledicia para todos nós. Con macedáns así, dá gusto traballar por Maceda.

Agora ben, confiamos que Ourense, máis cedo que tarde, faga algún xesto cara Paco Nóvoa e a súa empresa, xa que logo van 42 anos “vendendo” o nome de Ourense por todo o Estado español, e xerando riqueza e prestixio na cidade na que vive,

dende mediados dos anos 60 do século pasado. Outrosí a Xunta de Galicia, ao máximo nivel institucional, debe ir pensando en concederlle a Paco Nóvoa, unha Medalla Castelao polos servizos prestados ao Noso País. Paco é un dos bos e xenerosos dos que fala Eduardo Pondal no Noso Himno. O seu compromiso coa nosa lingua milenaria é inequívoco. Mesmo en tempos duros como os de hogano.

9.-Noraboa amigo.

Longa vida.

Saúde.

Patria

e

Maceda como referente universal.

Sempre!

Maceda, 4 de setembro de 2010